



# INDICADORES SOCIAIS 2004

Santiago de Compostela, 2005

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo administrativo San Lázaro  
San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 54 15 89 (de 9 a 14 horas)  
Fax: 981 54 13 23  
e-mail: ige@xunta.es  
<http://www.ige.xunta.es>

**Elaboración**

Instituto Galego de Estatística

**Edita**

Xunta de Galicia  
Consellería de Economía e Facenda

**Colección**

Área de Estatísticas Sociais

**Dep. legal**

C-1383-2005

**Deseño da portada**

Imago Mundi

**Tiraxe**

200 exemplares

**Imprime**

PLANA Arte en Gráficas

## Índice

---

1. Poboación
2. Familia e fogares
3. Mercado laboral
4. Educación e formación
5. Participación
6. Seguridade pública e delitos
7. Medio
8. Vivendas
9. Cultura e ocio
10. Ciencia e tecnoloxía
11. Renda
12. Saúde
13. Protección social
14. Transporte
15. Consumo

## Introdución

---

Esta publicación que agora se presenta trata de poñer a disposición dos usuarios os principais resultados da actividade estatística “Indicadores sociais”, actividade que o IGE acomete este ano por primeira vez e que terá carácter anual.

O obxectivo principal desta actividade é medir mediante un conxunto de indicadores a diversidade de aspectos que conforman un concepto pluridimensional de benestar. Para iso definíronse quince áreas que se consideran esenciais para entender a realidade socioeconómica galega. Cada

área divídese á súa vez en subáreas, mostrando dentro de cada unha delas unha serie de indicadores fundamentais que permiten a súa caracterización.

“Indicadores sociais” pertence ao conxunto cada vez máis amplo de actividades estatísticas de produción propia do IGE, destinadas a elaborar un macrosistema de información social.

Por último, o IGE desexa agradecer a colaboración de todos os organismos que, ao facilitarnos os datos, fixeron posible a realización desta actividade.



# 1. Poboación

## 1.1. Introducción

Esta área, dedicada ao estudo da poboación galega, estrutúrase en tres subáreas: tamaño, estrutura e crecemento da poboación; migracións e, por último, tamaño relativo da poboación ocupada.


## 1.2. Tamaño, estrutura e crecemento da poboación

### 1.2.1. Introducción

Os datos de poboación están calculados con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano e as fontes empregadas son o “Padrón municipal de habitantes” e o “Movemento natural da poboación”.


### 1.2.2. Tamaño da poboación

A poboación total de Galicia presenta nos últimos anos un lixeiro aumento motivado polos incrementos de poboación das provincias da Coruña e Pontevedra que compensan a tendencia decrecente que se observa en Lugo e Ourense. Esta tendencia reflíctese claramente nas taxas de crecemento natural e crecemento anual de poboación, que son negativas nestas dúas provincias.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>  
IGE. INE. Movemento natural da poboación

No caso da Coruña e Pontevedra, aínda que a taxa de crecemento natural de poboación é negativa, as taxas de crecemento anual son positivas debido ao maior número de inmigrantes que reciben.




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>

### 1.2.3. Estrutura da poboación

Se consideramos a estrutura da poboación por idades, observamos novamente as diferenzas entre Lugo e Ourense por unha banda e A Coruña e Pontevedra por outra.


A poboación menor de 16 anos presenta unha tendencia claramente decrecente nos últimos anos para Galicia e para as catro provincias galegas. No ano 2003 as maiores porcentaxes de poboación menor de 16 anos corresponden a Pontevedra, cun 13,93%, seguida da Coruña, cun 12,35%, mentres que Lugo ten a menor, cun 10,68%.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>

No caso da poboación maior de 65 anos a tendencia é a contraria, habendo un envellecemento da poboación nas provincias de Lugo e Ourense, é esta última, cun 26,85% no ano 2003, a provincia galega que presenta a


porcentaxe de poboación maior de 65 anos máis elevada, mentres que Pontevedra é a que ten a menor porcentaxe, cun 16,78%.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>


#### 1.2.4. Fecundidade

A taxa de fecundidade experimenta suaves incrementos nas provincias da Coruña e Pontevedra. No ano 2002 a taxa xeral de fecundidade para Galicia é de 28,3 nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil.




Fonte: IGE. Indicadores demográficos

En canto ao índice sintético de fecundidade apenas presenta cambios nos últimos anos e é no ano 2002 de 0,93 fillos por muller. Nese ano o índice máis alto corresponde á provincia de Pontevedra con 1,03 fillos por muller e o menor a Lugo e Ourense con 0,80 fillos por muller.



Fonte: IGE. Indicadores demográficos


A idade media ao ser nai por primeira vez continúa aumentando nas catro provincias galegas e é A Coruña a que ten a maior idade media con 31,0 anos.



Fonte: IGE. Indicadores demográficos


#### 1.2.5. Poboación estranxeira

A porcentaxe de poboación estranxeira experimenta unha tendencia crecente nos últimos anos no conxunto de Galicia, sitúase no 1,96% no ano 2003. Por provincias Ourense concentra a maior porcentaxe de poboación estranxeira cun 2,94%.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>

Se atendemos ao país de procedencia, un 20,54% da poboación estranxeira residente en Galicia no ano 2003 procede de Portugal, un 15,11% de Colombia e un 12,02% de Argentina.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>


### 1.2.6. Densidade de poboación

A densidade de poboación en Galicia é de 93,02 hab./km<sup>2</sup> en 2003. Pontevedra é a provincia que presenta a maior densidade de poboación con 206,35 hab./km<sup>2</sup>. Lugo e Ourense están máis despoboadas, é Lugo con 36,58 hab./km<sup>2</sup> a que ten a menor densidade de poboación.

DENSIDADE DE POBOACIÓN				
	2000	2001	2002	2003
A Coruña	139,42	139,37	139,86	140,98
Lugo	37,10	36,94	36,71	36,58
Ourense	47,47	47,38	47,27	47,05
Pontevedra	203,03	203,82	204,66	206,35
<b>Galicia</b>	<b>92,38</b>	<b>92,41</b>	<b>92,56</b>	<b>93,02</b>

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>  
INE. Anuario estadístico de España

Destaca tamén o contraste entre Lugo e Ourense, provincias onde a maior parte da poboación reside en concellos de menos de 5.000 habitantes, concretamente o 43,34% en Ourense e o 39,11% en Lugo no ano 2003, con Pontevedra e A Coruña onde a maior parte da poboación reside en concellos de máis de 50.000 habitantes, o 39,95% e o 37,03%, respectivamente.




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>

## 1.3. Migracións


### 1.3.1. Migración externa

O número de inmigrantes en Galicia no período 1998-2003 experimenta un importante aumento, principalmente na Coruña e Pontevedra.



Fonte: INE. Estadística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE


Do total de inmigrantes, no ano 2003 o 50,57% provén do estranxeiro. Os principais países de procedencia son Argentina, Uruguaí e Venezuela. É destacable o incremento do número de inmigrantes arxentinos desde o ano 2001, así como tamén o descenso dos inmigrantes procedentes de Colombia cun 4,49% en 2003 fronte ao 11,84% en 2002.



Fonte: INE. Estadística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE


## 1.4. Carga para a poboación ocupada

O tamaño relativo da poboación non ocupada con respecto á poboación ocupada (parados e inactivos) con respecto á poboación ocupada descende no ano 2003 con respecto a 2002 nas catro provincias. Pontevedra é a provincia galega con menor tamaño relativo cun 121,04% en 2003 e Ourense ten o maior cun 172,11%.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Con respecto ao tamaño relativo da poboación de 65 ou máis anos en relación coa poboación ocupada, Lugo e Ourense, provincias cun maior nivel de envellecemento da poboación, teñen tamén un tamaño relativo moi superior ao resto de Galicia. No ano 2003 o dito tamaño é en Ourense do 98,73%, o máis alto de Galicia, fronte ao 50,61% de Pontevedra que é o máis baixo.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias



## 2. Familia e fogares

### 2.1. Introducción

Neste área analízase a estrutura dos fogares galegos e a súa tipoloxía, a estrutura familiar e as relacións familiares entre os distintos membros do fogar. Todo isto faise a través dunha serie de indicadores que reflicten determinadas actividades que realizan xuntos algúns ou todos os membros do fogar.

### 2.2. Estrutura dos fogares

#### 2.2.1. Tipoloxía de fogar

No ano 2003 descende a porcentaxe de fogares compostos por tres ou máis xeracións, sitúase no 10,17% fronte ao 10,44% do ano anterior. A maior porcentaxe destes fogares corresponde a Lugo nos dous anos considerados cun 13,11% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES DE TRES OU MÁIS XERACIÓNS		
	2002	2003
A Coruña	9,02	9,46
Lugo	14,69	13,11
Ourense	7,85	8,46
Pontevedra	11,59	10,58
<b>Galicia</b>	<b>10,44</b>	<b>10,17</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Diminúe tamén nos últimos anos a porcentaxe de poboación que vive en fogares de 5 ou máis persoas nas catro provincias galegas. No ano 2003 Pontevedra ten a maior porcentaxe de poboación que vive en fogares de cinco ou máis persoas cun 26,25%, mentres que Ourense ten a menor cun 19,70%.

PORCENTAXE DE POBOACIÓN QUE VIVE EN FOGARES DE CINCO OU MÁIS PERSOAS				
	1999	2001	2002	2003
A Coruña	28,48	26,40	24,10	22,44
Lugo	33,64	29,22	27,98	25,64
Ourense	21,83	19,48	22,00	19,70
Pontevedra	33,14	29,33	26,77	26,25
<b>Galicia</b>	<b>29,89</b>	<b>26,93</b>	<b>25,25</b>	<b>23,82</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

A diferenza do anterior, aumenta a porcentaxe de poboación que vive en fogares unipersoais pasando do 5,36% no ano 1999 ao 8,49% en 2003. Ourense é a provincia cunha maior porcentaxe de poboación vivindo en fogares unipersoais todos os anos.

PORCENTAXE DE POBOACIÓN QUE VIVE EN FOGARES UNIPERSOAIS				
	1999	2001	2002	2003
A Coruña	5,01	6,39	7,05	9,63
Lugo	6,99	7,65	8,27	8,52
Ourense	8,18	7,90	10,16	10,75
Pontevedra	4,05	4,53	5,76	6,29
<b>Galicia</b>	<b>5,36</b>	<b>6,10</b>	<b>7,16</b>	<b>8,49</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


### 2.3. Estrutura familiar

#### 2.3.1. Matrimonio

A taxa xeral de nupcialidade, número de matrimonios por cada 1.000 individuos de 15 ou máis anos, mantén unha tendencia bastante estable, apenas experimenta variacións nos tres anos considerados, aínda que descende algo tanto no caso dos homes como no das mulleres, sendo inferior no caso destas.


No ano 2002 a taxa xeral de nupcialidade en Galicia é de 8,9 matrimonios no caso

das mulleres e de 9,8 matrimonios no caso dos homes.




Fonte: IGE. Indicadores demográficos

Tamén se observa un descenso na porcentaxe de persoas entre 25 e 44 anos que están casadas no período de 1999 a 2003, alcanza o 56,67% para Galicia no ano 2003. Lugo ten a porcentaxe máis alta cun 59,07% e A Coruña a máis baixa cun 54,87%.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


A idade media ao primeiro matrimonio aumenta lixeiramente no ano 2002, tanto no caso dos homes, 30,2 anos, como no das mulleres, 28,1 anos.



Fonte: IGE. Indicadores demográficos

Destaca no ano 2003 o incremento da porcentaxe de parellas non casadas sobre o total de parellas que pasa do 2,74% no ano 2002 ao 4,58% en 2003. A maior porcentaxe correspóndelle á Coruña que,


cun 5,83%, se sitúa por encima da media galega.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 2.3.2. Estabilidade familiar

Se definimos unha taxa de ruptura matrimonial como a relación entre o total de separados e divorciados con respecto ao total de casados, separados e divorciados, podemos observar unha tendencia crecente desta taxa no período 2001-2003 nas catro provincias galegas, correspondendo a máis elevada a Pontevedra cun 6,32%.




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 2.3.3. Tipoloxía das familias

Definimos familia como o grupo de persoas que, residindo na mesma vivenda familiar (polo tanto, formando parte dun fogar), están vinculadas por lazos de parentesco.


Se consideramos a tipoloxía das familias galegas, no ano 2003 hai un lixeiro descenso da porcentaxe de familias monoparentais con respecto ao ano 2002 no conxunto de Galicia. Por provincias

descende na Coruña e algo en Pontevedra, pero aumenta en Lugo e Ourense.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 62,53% das familias galegas non teñen ningún membro menor de 18 anos en 2003, porcentaxe que aumenta lixeiramente con respecto ao ano 2002 en toda Galicia, agás en Lugo.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 2.3.4. Viuvez

No ano 2003 diminúe a porcentaxe de persoas de 65 ou máis anos que son viúvas con respecto ao ano 2002 no conxunto de Galicia. Por provincias incrementase unicamente en Ourense, pasando do 34,08% no ano 2002 ao 35,86% en 2003.

	PESOAS DE 65 OU MÁIS ANOS QUE SON VIÚVAS			
	1999	2001	2002	2003
A Coruña	36,34	34,07	37,31	35,85
Lugo	32,15	34,39	34,82	34,46
Ourense	34,47	31,51	34,08	35,86
Pontevedra	35,22	34,61	36,34	34,03
<b>Galicia</b>	<b>34,97</b>	<b>33,86</b>	<b>36,08</b>	<b>35,10</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

## 2.4. Relacións familiares

### 2.4.1. Relacións de parella

Segundo os datos do ano 2002 relativos aos hábitos de comportamento nas relacións familiares e sociais, un 80,10% das parellas galegas pasean ou camiñan xuntos, un 66,44% toman café, van de viños, comen ou cean xuntos, un 49,55% fan turismo conxuntamente, un 34,13% asisten xuntos a espectáculos deportivos ou culturais e un 12,29% realizan prácticas deportivas xuntos.

PORCENTAXE DE PARELLAS QUE REALIZAN ACTIVIDADES XUNTOS GALICIA	
	2002
Pasear ou camiñar	80,10
Tomar café, ir de viños, comer ou cean, etc	66,44
Prácticas deportivas	12,29
Asistencia a espectáculos deportivos e culturais	34,13
Turismo	49,55

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

### 2.4.2. Relacións pais/fillos

Se consideramos as relacións entre pais e fillos membros do fogar, a principal actividade que realizan xuntos é a de pasear ou camiñar cunha porcentaxe do 66,77%, mentres que a que menos realizan é a de prácticas deportivas cun 13,00%.

PORCENTAXE DE PAIS QUE REALIZAN ACTIVIDADES COS FILLOS MEMBROS DO FOGAR. GALICIA	
	2002
Pasear ou camiñar	66,77
Tomar café, ir de viños, comer ou cear, etc	57,04
Prácticas deportivas	13,00
Asistencia a espectáculos deportivos e culturais	29,27
Turismo	40,22

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

### 2.4.3. Relacións de todo o fogar xunto

En canto ás actividades que realizan todos os membros do fogar xuntos, é a de pasear ou camiñar, cun 56,12%, a de maior porcentaxe, seguida de tomar café, ir de viños, comer ou cear cun 46,01%. A actividade menos realizada por todos os membros do fogar xuntos é a de prácticas deportivas cun 7,49%.

PORCENTAXE DE FOGARES DE MAIS DUNHA PERSOA QUE REALIZAN ACTIVIDADES XUNTOS. GALICIA	
	2002
Pasear ou camiñar	56,12
Tomar café, ir de viños, comer ou cear, etc	46,01
Prácticas deportivas	7,49
Asistencia a espectáculos deportivos e culturais	21,07
Turismo	34,11

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

## 3. Mercado laboral

### 3.1. Introducción


Nesta área trátase de ofrecer unha visión da situación e evolución do mercado laboral en Galicia nos últimos anos en catro subáreas fundamentais: estrutura do mercado laboral; expectativas de emprego; calidade de vida laboral e, por último, relacións laborais.

As fontes utilizadas para a obtención dos datos son a “Enquisa de condicións de vida das familias”, elaborada polo IGE, o “Anuario de estadísticas laborales y asuntos sociales” e o “Boletín de estadísticas laborales”, ambos os dous elaborados polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Os datos da “Enquisa de condicións de vida das familias” fan referencia ao segundo trimestre de cada ano.

### 3.2. Estructura do mercado laboral


No ano 2003 en Galicia a taxa de actividade, relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, é do 50,98%, lixeiramente superior á do ano 2002 que era do 49,82%.

Por provincias é Pontevedra a que presenta a maior taxa nos dous anos considerados, sendo do 53,62% no ano 2003.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


Polo que respecta á taxa de ocupación, que reflicte a relación entre o total de ocupados e a poboación maior de 16 anos, incrementábase no ano 2003 con respecto ao ano 2002 nas catro provincias galegas, e son Pontevedra e A Coruña as provincias con taxas de ocupación máis elevadas, por encima da taxa galega. Ourense é a provincia coa menor taxa de ocupación.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Unha medida da estabilidade no emprego podemos obtela analizando a taxa de precariedade laboral, que se calcula como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal con respecto ao total de asalariados.


No ano 2003 a dita taxa é do 32,00% en Galicia. Ourense presenta a maior taxa de precariedade cun 34,52%.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No ano 2003 a poboación ocupada na agricultura e pesca na comunidade autónoma galega alcanza o 11,97% do total da poboación ocupada, porcentaxe inferior á dos anos anteriores.

A rama de actividade que concentra a maior porcentaxe de poboación ocupada e a dos servizos, especialmente na provincia da Coruña, cun 59,33%. Pontevedra é a que ten a maior porcentaxe de poboación ocupada na industria, cun 22,29%.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2003


### 3.3. Expectativas de emprego

Como indicadores das expectativas de emprego utilizamos a taxa de paro e os parados de longa duración.

#### 3.3.1. Paro

A taxa de paro en Galicia sitúase no ano 2003 no 9,93%, o que supón unha diminución con respecto ao ano anterior que era do 10,47%.


A taxa é inferior á do ano anterior en todas as provincias galegas, agás na Coruña. Lugo ten a menor taxa de paro cun 6,50% no ano 2003.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 3.3.2. Seguridade do emprego

O indicador parados de longa duración, definido como a relación entre a poboación parada con tempo de busca de emprego maior ou igual a dous anos e a poboación activa, é no ano 2003 do 2,60% para o conxunto de Galicia, o que supón unha redución con respecto ao ano 2002, que era do 3,13%.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 3.4. Calidade da vida laboral

#### 3.4.1. Horas traballadas

A porcentaxe de persoas que traballan máis de 75 horas semanais experimenta unha tendencia crecente nos últimos anos, alcanza en Galicia o 3,62% no ano 2003. Por provincias destaca neste mesmo ano Ourense onde a porcentaxe é do 6,14%.

	PERSOAS QUE TRABALLAN MÁIS DE 75 HORAS SEMANAIS		
	2001	2002	2003
A Coruña	2,36	3,52	3,89
Lugo	7,01	4,14	2,43
Ourense	1,39	1,76	6,14
Pontevedra	2,71	2,49	2,92
<b>Galicia</b>	<b>2,99</b>	<b>3,06</b>	<b>3,62</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

#### 3.4.2. Ingresos

No ano 2003 mellora o salario medio por conta allea das mulleres con respecto ao

salario medio por conta allea dos homes, alcanza o 79,13%.

A ratio máis elevado corresponde a Lugo cun 87,29%, mentres que a máis baixa é a de Ourense cun 73,17%.

RATIO INGRESO TRABAJO POR CONTA ALLEA MULLER/HOME		
	2002	2003
A Coruña	74,28	80,75
Lugo	81,48	87,29
Ourense	77,13	73,17
Pontevedra	77,18	76,35
<b>Galicia</b>	<b>76,35</b>	<b>79,13</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 3.4.3. Satisfacción co traballo

Un 60,55% dos ocupados galegos manifesta estar satisfeito co traballo. O nivel de satisfacción varía entre o 10,23% dos que se declaran moi satisfeitos co traballo e o 2,82% que están moi insatisfeitos.

NIVEL DE SATISFACCIÓN CO TRABAJO GALICIA	
	2001
Moi satisfeito	10,23
Satisfeito	60,55
Indiferente	13,09
Insatisfeito	13,31
Moi insatisfeito	2,82

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2001

## 3.5. Relacións laborais

### 3.5.1. Convenios


No ano 2002 o número de convenios realizados en Galicia é de 392, son 329.556 os traballadores afectados.

CONVENIOS COLECTIVOS REALIZADOS E TRABALLADORES AFECTADOS. GALICIA				
	1999	2000	2001	2002
Convenios	337	369	383	392
Traballadores	296.196	286.204	317.000	329.556

Fonte: MTAS. Anuario de estadísticas laborales y de asuntos sociales


### 3.5.2. Expedientes de regulación de emprego

O total de traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados experimenta reducións importantes nos últimos anos. No ano 2002 son 3.533 os traballadores afectados en Galicia.



Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Boletín de estadísticas laborales

Por outra banda, o número de traballadores despedidos por expedientes autorizados no ano 2002 é de 1.331 traballadores.



Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Boletín de estadísticas laborales

## 4. Educación e formación

### 4.1. Introducción

Esta área divídese en tres subáreas: participación na educación, nivel educativo da poboación e, por último, recursos para a educación e utilización.

As fontes utilizadas son a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o INE e o IGE.

### 4.2. Participación na educación

#### 4.2.1. Ensino obrigatorio

O ensino obrigatorio inclúe Educación primaria e E.S.O.

O número de alumnos en ensino obrigatorio no curso 2003/2004 en Galicia é de 236.674, cifra inferior á de anos anteriores.

A redución do número de alumnos dáse en todas as provincias. A Coruña no curso 2003/2004 ten o maior número de alumnos con 94.020 e Ourense o menor con 25.518.

ALUMNADO EN ENSINO OBRIGATORIO			
	2001/2002	2002/2003	2003/2004
A Coruña	99.790	96.653	94.020
Lugo	29.847	28.579	27.257
Ourense	27.268	26.329	25.518
Pontevedra	94.210	91.715	89.879
<b>Galicia</b>	<b>251.115</b>	<b>243.276</b>	<b>236.674</b>

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia

Do total de alumnado no curso 2003/2004 en Galicia, un 69,80% corresponde á ensinanza pública.

Por provincias, Lugo ten a maior porcentaxe de alumnado na ensinanza pública obrigatoria con 78,44% e Ourense a menor con 65,19%.

ALUMNADO DE ENSINO OBRIGATORIO NA ENSINANZA PÚBLICA			
	2001/2002	2002/2003	2003/2004
A Coruña	71,17	70,73	70,63
Lugo	79,45	78,88	78,44
Ourense	66,39	65,63	65,19
Pontevedra	68,35	67,90	67,63
<b>Galicia</b>	<b>70,58</b>	<b>70,07</b>	<b>69,80</b>

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia

No curso 2000/2001 aumenta a porcentaxe de alumnado estranxeiro no ensino obrigatorio en Galicia situándose no 0,70%, mentres que no curso 1999/2000 era do 0,55%. A provincia coa maior porcentaxe de alumnado estranxeiro é Ourense con 1,72% no curso 2000/2001.

ALUMNADO ESTRANXEIRO EN ENSINO OBRIGATORIO			
	1998/1999	1999/2000	2000/2001
A Coruña	0,36	0,32	0,45
Lugo	0,53	0,79	0,91
Ourense	1,26	1,54	1,72
Pontevedra	0,36	0,44	0,61
<b>Galicia</b>	<b>0,48</b>	<b>0,55</b>	<b>0,70</b>

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### 4.2.2. Ensino universitario

En Galicia a porcentaxe de mulleres no ensino universitario de primeiro e segundo ciclo no curso 2001/2002 é do 56,95%, superior á do ano 2000/2001 que era do 56,80%.



Santiago cun 63,30% ten a maior porcentaxe de mulleres en ensino universitario de primeiro e segundo ciclo e A Coruña cun 51,02% a menor.

MULLERES EN ENSINO UNIVERSITARIO EN 1º E 2º CICLO			
	1999/2000	2000/2001	2001/2002
A Coruña	51,26	51,35	51,02
Santiago	62,29	62,68	63,30
Vigo	54,16	53,65	54,05
<b>Galicia</b>	<b>56,81</b>	<b>56,80</b>	<b>56,95</b>

Fonte: INE. *Estadística de la enseñanza superior en España*  
INE. *Estadística de la enseñanza universitaria en España*

Con respecto ao ensino universitario de terceiro ciclo, no curso 2001/2002 a porcentaxe de mulleres é do 53,54%. Vigo cun 55,47% ten a maior porcentaxe.

MULLERES EN ENSINO UNIVERSITARIO EN 3º CICLO			
	1999/2000	2000/2001	2001/2002
A Coruña	45,20	47,49	48,05
Santiago	53,16	67,13	55,23
Vigo	52,76	53,62	55,47
<b>Galicia</b>	<b>50,66</b>	<b>58,81</b>	<b>53,54</b>

Fonte: INE. *Estadística de la enseñanza superior en España*  
INE. *Estadística de la enseñanza universitaria en España*

### 4.3. Nivel educativo da poboación

No ano 2003 en Galicia o total de homes entre 25 e 34 anos con educación secundaria de segunda etapa é de 44.743 e con educación superior é de 70.979.

No caso dos homes entre 55 e 64 anos as cifras son inferiores, son 10.460 os que teñen educación secundaria de segunda etapa e 16.343 os que teñen estudos superiores.

HOMES POR ESTUDOS TERMINADOS GALICIA. ANO 2003		
	25 a 34 anos	55 a 64 anos
Analfabetos	1.591	1.472
Estudios primarios	2.571	30.414
Educación secundaria 1ª etapa	93.445	86.260
Educación secundaria 2ª etapa	44.743	10.460
Educación superior	70.979	16.343

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2003

Con respecto ás mulleres entre 25 e 34 anos, 97.502 teñen educación superior e 48.200 educación secundaria de segunda etapa.

No grupo de idade de 55 a 64 anos, 8.880 teñen educación superior e 6.057 educación secundaria de segunda etapa.

MULLERES POR ESTUDOS TERMINADOS GALICIA. ANO 2003		
	25 a 34 anos	55 a 64 anos
Analfabetos	780	3.446
Estudios primarios	910	44.079
Educación secundaria 1ª etapa	65.753	94.220
Educación secundaria 2ª etapa	48.200	6.057
Educación superior	97.502	8.880

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2003

### 4.4. Utilización dos recursos

O número de alumnos por unidade en educación infantil no curso 2000/2001 en Galicia é de 16,77, inferior ao do curso 1997/1998 que era de 18,28.

En educación secundaria obrigatoria este número sitúase en 24,73 no curso 2000/2001 e no caso dos ciclos formativos, en 21,23 alumnos por unidade.

ALUMNOS POR UNIDADE. GALICIA		
	1997/1998	2000/2001
Infantil	18,28	16,77
Primaria/E.X.B.	19,28	18,15
Mixtas de diversos niveis	11,23	10,10
E.S.O.	24,60	24,73
B.U.P. e C.O.U.	32,48	31,76
Bacharelato L.O.X.S.E.	21,31	24,17
Formación profesional (anterior á L.O.X.S.E.)	28,35	23,71
Ciclos formativos	20,65	21,23
Garantía social	12,08	12,13

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

En Galicia no curso 2000/2001 a taxa de idoneidade en educación secundaria obrigatoria é do 65,12% e en bacharelato L.O.X.S.E alcanza o 63,41%.

TAXA DE IDONEIDADE. GALICIA		
	1997/1998	2000/2001
Primaria/E.X.B.	93,28	93,36
E.S.O.	71,04	65,12
B.U.P. e C.O.U.	62,76	51,78
Bacharelato L.O.X.S.E.	45,31	63,41

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

A taxa de repetición en educación secundaria obrigatoria en Galicia no curso 2000/2001 é do 12,54%. Con respecto ao bacharelato L.O.X.S.E, a taxa sitúase no 8,27%.

TAXA DE REPETICION. GALICIA		
	1997/1998	2000/2001
Primaria/E.X.B.	1,99	2,65
E.S.O.	3,97	12,54
B.U.P. e C.O.U.	17,42	18,35
Bacharelato L.O.X.S.E.	21,35	8,27
Formación profesional (anterior á L.O.X.S.E.)	17,01	21,88
Ciclos formativos	2,53	3,30

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

# 5. Participación

## 5.1. Introducción


Nesta área mídese a participación dos galegos tanto no ámbito político como no social, isto faise a través de indicadores de participación en eleccións e participación en asociacións e programas de voluntariado.

Os datos de participación en eleccións obtivéronse do Ministerio del Interior e do "Atlas electoral de Galicia. Eleccións ao Parlamento de Galicia 1997" do IGE e os datos de participación en asociacións e voluntariado da "Enquisa de condicións de vida das familias".

## 5.2. Participación en eleccións


A porcentaxe de participación nas últimas eleccións ao Congreso dos Deputados celebradas en marzo de 2004 é en Galicia do 70,97%, superior á das anteriores nas que a participación fora do 65,02%.

Por provincias, Lugo é a que tivo a maior porcentaxe de participación cun 72,31% e Ourense a menor cun 68,03%.




Fonte: Ministerio del Interior. Extraído de: <http://www.elecciones.mir.es>

No caso das eleccións municipais as porcentaxes de participación son similares, concretamente un 66,24% nas últimas celebradas en maio de 2003.




Fonte: Ministerio del Interior. Extraído de: <http://www.elecciones.mir.es>

Nas eleccións ao Parlamento de Galicia do ano 2001 a porcentaxe de participación é do 60,17%. Lugo é a provincia que ten a máis alta porcentaxe de participación cun 64,61%, mentres que A Coruña é a de menor cun 59,05%.



Fonte: Ministerio del Interior. Extraído de: <http://www.elecciones.mir.es>  
IGE. Atlas electoral de Galicia. Eleccións ao Parlamento de Galicia 1997

As cifras de participación son, en xeral, máis baixas cando nos referimos ao Parlamento Europeo. Nas últimas celebradas en xuño de 2004 a porcentaxe de participación é do 44,30%.



Fonte: Ministerio del Interior. Extraído de: <http://www.elecciones.mir.es>

### 5.3. Participación en asociacións e voluntariado

No ano 2002 un 38,57% da poboación galega de 14 ou máis anos pertence a algún tipo de asociación.

Por provincias é Pontevedra a que presenta a maior porcentaxe cun 40,17%, seguida da Coruña cun 39,59%.

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE PERTENCEN A ASOCIACIÓNS	
	2002
A Coruña	39,59
Lugo	36,67
Ourense	33,02
Pontevedra	40,17
<b>Galicia</b>	<b>38,57</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

Por outra banda, a participación dos galegos en asociacións, pertencen ou non a elas, sitúase no 19,43%.

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE PARTICIPAN EN ASOCIACIÓNS	
	2002
A Coruña	20,23
Lugo	16,69
Ourense	17,03
Pontevedra	20,43
<b>Galicia</b>	<b>19,43</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

No ano 2001 un 30,61% da poboación de 16 ou máis anos afirma que está disposta a participar nun programa de voluntariado.

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE ESTARÍAN DISPOSTAS A SER VOLUNTARIAS	
	2001
A Coruña	30,83
Lugo	33,27
Ourense	29,60
Pontevedra	29,69
<b>Galicia</b>	<b>30,61</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2001

No ano 2002 un 0,99% da poboación de 14 ou máis anos son voluntarios. Pontevedra cun 1,30% é a provincia que ten a maior porcentaxe de voluntarios e Lugo cun 0,59% a de menor.

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE SON VOLUNTARIAS	
	2002
A Coruña	0,81
Lugo	0,59
Ourense	1,20
Pontevedra	1,30
<b>Galicia</b>	<b>0,99</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

## 6. Seguridade pública e delitos

### 6.1. Introducción

Analízase nesta área a seguridade pública mediante unha serie de indicadores sobre delitos e recursos da Administración de xustiza. A fonte da que proceden os datos é o Ministerio del Interior.

### 6.2. Delitos


O índice de criminalidade, definido como o número de delitos por cada 1.000 habitantes, diminúe en Galicia no ano 2003. Lugo é a provincia galega con menor índice de criminalidade con 8,50 delitos por mil habitantes, mentres que Pontevedra se sitúa no outro extremo con 14,56.

ÍNDICE DE CRIMINALIDADE				
	2000	2001	2002	2003
A Coruña	14,55	14,81	14,65	13,78
Lugo	9,17	8,88	9,91	8,50
Ourense	9,73	9,18	10,70	10,62
Pontevedra	16,51	15,88	16,14	14,56
<b>Galicia</b>	<b>13,88</b>	<b>13,67</b>	<b>14,03</b>	<b>12,96</b>

Fonte: Ministerio del Interior. Anuario estadístico. Extraído de: <http://www.mir.es>  
INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>


No ano 2003 diminúe a taxa de roubos con violencia ou intimidación, 6,83 por cada 10.000 habitantes (incluíndo tanto as tentativas como os consumados) fronte aos 7,21 do ano 2002. A tendencia xeral desta taxa nos últimos anos é decrecente pese ao lixeiro aumento do ano 2002.

Por provincias novamente é Pontevedra a que ten a maior taxa de roubos.



Fonte: Ministerio del Interior. Anuario estadístico. Extraído de: <http://www.mir.es>  
INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>

O total de delitos e faltas por malos tratos a mulleres no ámbito familiar aumenta nos últimos anos, alcanza no ano 2003 no conxunto de Galicia a cifra de 3.232, dos cales 973 son delitos e 2.259 faltas. Inclúense delitos e faltas de lesións, malos tratos no ámbito familiar, trato degradante e injurias. Delitos son as infraccións que a Lei castiga con penas graves ou menos graves e faltas son as infraccións que a Lei castiga con penas leves.



Fonte: Ministerio del Interior. Anuario estadístico. Extraído de: <http://www.mir.es>

# 7. Medio

## 7.1. Introducción

Esta área proporciona unha visión global do medio en Galicia recollendo datos xerais sobre o contorno físico, a calidade ambiental, as actividades nocivas para o medio e o gasto en protección ambiental.

As fontes empregadas na elaboración dos indicadores son: INE, Ministerio de Fomento, Ministerio de Medio Ambiente, Consellería de Medio Ambiente e Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

## 7.2. Contorno físico

### 7.2.1. Infraestruturas

A rede ferroviaria galega está integrada por 890,6 km. de liñas ferroviarias de Renfe (dato do ano 1997) e 154,0 km. de FEVE (dato do ano 2002).

QUILÓMETROS DE VIAS FÉRREAS	
	Galicia
Renfe	890,6
FEVE	154,0

Fonte: Ministerio de Fomento. *Anuario estadístico*

A rede de estradas componse de 79.049 km.

QUILÓMETROS DE ESTRADAS	
	2003
A Coruña	29.223
Lugo	22.332
Ourense	11.954
Pontevedra	15.540
<b>Galicia</b>	<b>79.049</b>

Fonte: Ministerio de Fomento. *Anuario estadístico*

### 7.2.2. Auga

O volume de auga dispoñible en Galicia no ano 2001 é de 347 litros por habitante e día, dos cales 307 litros proceden de captación propia.

LITROS DE AUGA DISPONIBLE POR HABITANTE E DÍA. GALICIA		
	2000	2001
Procedente de captación propia	300	307
Augas superficiais	258	272
Augas subterráneas	35	30
Outros recursos hídricos	7	5
Procedente de recursos alleos	26	40
<b>Total</b>	<b>326</b>	<b>347</b>

Fonte: INE. Indicadores sobre el agua. Serie 1996-2001.  
Extraído de: <http://www.ine.es>


O volume de auga abastecida aos fogares é de 124 litros por habitante e día en 2001, o que supón unha redución con respecto ao ano anterior, mentres que a auga abastecida para outros usos (empresas, consumos municipais...) se incrementa alcanzando os 151 litros.

LITROS DE AUGA ABASTECIDA POR HABITANTE E DÍA. GALICIA		
	2000	2001
Aos fogares	128	124
Outros usos	128	151
<b>Total</b>	<b>256</b>	<b>275</b>

Fonte: INE. Indicadores sobre el agua. Serie 1996-2001.  
Extraído de: <http://www.ine.es>

Na rede de distribución pérdense 49 litros por habitante e día debido a fugas, roturas, etc. no ano 2001.

O prezo medio do metro cúbico de auga pasa de 0,54 € no ano 2000 a 0,60 € en 2001.



Fonte: INE. Indicadores sobre el agua. Serie 1996-2001. Extraído de: <http://www.ine.es>

### 7.2.3. Espazos naturais

Os parques nacionais e naturais son áreas naturais pouco transformadas pola explotación ou pola ocupación humana que, pola beleza das súas paisaxes, pola representatividade dos seus ecosistemas ou pola singularidade da súa flora, da súa fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos que fan que a súa conservación mereza unha atención preferente.

Galicia dispón na actualidade dun parque nacional, que é o das Illas Atlánticas cunha superficie de 8.496 hectáreas, e de seis parques naturais que suman unha superficie de 40.662 hectáreas.

SUPERFICIE DOS PARQUE NACIONAIS E NATURAIS. GALICIA		2004
Parques nacionais		
Illas Atlánticas		8.496
Parques naturais		
Baixa Limia-Serra do Xurés		20.920
Fragas do Eume		9.126
Monte do Invernadeiro		5.722
Serra da Enciña da Lastra		3.152
Complexo Dunar de Corrubedo		996
Monte Aloia		746
<b>Total</b>		<b>49.158</b>

Fonte: Consellería de Medio Ambiente.  
Extraído de <http://www.xunta.es/conselle/cma/gl/index.htm>

### 7.2.4. Solo

Do total da superficie galega destínanse a superficie cultivada 471.073 hectáreas, a prados e pasteiros 457.411 hectáreas e a superficie forestal 1.768.244 hectáreas.


DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE SEGUNDO O USO DO SOLO. GALICIA		2002
Superficie cultivada		471.073
Prados e pasteiros		457.411
Superficie forestal		1.768.244
Outras superficies		315.382
Dobres cultivos		54.268
<b>Total</b>		<b>2.957.842</b>

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.  
Anuario de estadística agraria

## 7.3. Calidade ambiental


### 7.3.1. Residuos

O volume de residuos de mesturados recollidos na comunidade autónoma galega no ano 2002 é de 527 quilos por habitante e ano.



Fonte: INE. Indicadores sobre residuos. Serie 1998-2002. Extraído de: <http://www.ine.es>

A recollida selectiva de papel e cartón aumenta nos últimos anos, sendo no ano 2002 de 12,9 quilos por habitante e ano, mentres que a de vidro alcanza os 15,0 kg.




Fonte: INE. Indicadores sobre residuos. Serie 1998-2002. Extraído de: <http://www.ine.es>

## 7.4. Actividades daniñas para o medio

### 7.4.1. Incendios

O total de superficie forestal incendiada no ano 2003 en Galicia é de 19.820 hectáreas, das que 8.206 hectáreas corresponden á provincia de Lugo e 7.621 a Ourense. As cifras son inferiores ás do ano anterior no que a superficie queimada chegou a 26.125 hectáreas.



Fonte: Ministerio de Medio Ambiente. La estadística de incendios forestales en España. Extraído de <http://www.incendiosforestales.org>

## 7.5. Protección do medio

### 7.5.1. Gasto

Nesta subárea recóllese o gasto en protección do medio que realizan as empresas. Considéranse actividades de protección todas aquelas que teñen como principal obxectivo a prevención, redución e eliminación da contaminación e calquera degradación do medio. Quedan excluídas aquela actividades que, aínda que teñan efectos beneficiosos sobre o medio ambiente, responden principalmente a necesidades técnicas, de hixiene ou seguridade da empresa.

En Galicia no ano 2002 o investimento total en protección do medio ascende a 68.043 miles de euros.

GASTO DA EMPRESAS INDUSTRIAIS EN PROTECCIÓN AMBIENTAL. GALICIA	
	2002
<b>INVESTIMENTO</b>	<b>68.043</b>
Equipos e instalacións independentes	37.844
Equipos integrados	30.199
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>62.517</b>

Fonte: INE. Encuesta del gasto de las empresas en protección ambiental. Extraído de: <http://www.ine.es>



# 8. Vivendas

## 8.1. Introducción


Esta área recolle as principais características das vivendas galegas, o seu equipamento, a calidade da vivenda e do seu contorno, o prezo da vivenda e o réxime de tenza.

Os datos proceden das seguintes fontes: “Censo de poboación y viviendas” do INE, “Enquisa de condicións de vida das familias” e “Consumo das familias” do IGE, e do Ministerio de Fomento.

## 8.2. Espazo residencial

No ano 2001 a porcentaxe de vivendas desocupadas en Galicia diminúe con respecto ao censo do ano 1991, sitúase no 17,53%.

Pontevedra é a única provincia galega na que aumenta a dita porcentaxe. Lugo cun 19,01% é a provincia coa maior porcentaxe de vivendas desocupadas.



Fonte: INE. Censo de poboación y viviendas. Extraído de: <http://www.ine.es>

## 8.3. Calidade das vivendas

No ano 1999 o IGE dedicou un módulo específico da “Enquisa de condicións de vida das familias” ás características básicas dos fogares. Os datos obtidos reflicten que o 4,12% das vivendas galegas non dispoñen de auga quente, o 59,35% carecen de calefacción instalada e o 1,34% non teñen cuarto de baño ou ducha.

## PORCENTAXE DE VIVENDAS SEN DETERMINADAS INSTALACIÓNS. GALICIA

	1999
Auga quente	4,12
Calefacción instalada	59,35
Baño ou ducha	1,34

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999

## 8.4. Calidade do contorno da vivenda

Para medir a calidade do contorno da vivenda analizouse a existencia de determinados problemas tales como delincuencia na zona, contaminación, ruídos exteriores, etc.

No ano 1999 un 17,47% das vivendas galegas manifestan ter problemas de delincuencia no contorno e un 17,26% ter contaminación. Pontevedra presenta as maiores porcentaxes nos dous casos.

Un 10,63% teñen deficiente subministración de auga, destaca o caso de Lugo no que a porcentaxe chega ao 19,30%, e o 9,90% presenta deficiencias de enerxía eléctrica.

## Porcentaxe de vivendas que manifestan ter determinados problemas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Delincuencia	19,03	5,38	9,26	24,51	<b>17,47</b>
Contaminación	19,17	9,86	5,13	23,51	<b>17,26</b>
Deficiencia subministración de auga	8,73	19,30	9,16	9,90	<b>10,63</b>
Deficiencia enerxía eléctrica	10,19	10,99	8,80	9,53	<b>9,90</b>
Podremia en solos ou ventás	10,67	19,62	12,43	9,54	<b>11,81</b>
Humidades	43,95	39,97	31,32	37,72	<b>39,66</b>
Goteiras	12,23	22,15	14,39	11,31	<b>13,63</b>
Deficiencia illamento térmico	29,32	32,95	24,81	27,68	<b>28,68</b>
Luz insuficiente	16,61	17,45	12,43	14,18	<b>15,38</b>
Ruídos exteriores	24,10	13,80	15,54	28,25	<b>22,76</b>
Falta de espazo	22,08	21,07	17,28	22,30	<b>21,33</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999

### 8.5. Custos da vivenda

O prezo medio do metro cadrado da vivenda continúa aumentando en Galicia, sitúase no ano 2003 en 864,11 €.

Se consideramos o prezo nas capitais de provincia e concellos con máis de 100.000 habitantes, A Coruña é a capital que ten o prezo medio máis alto, 1.351,03 € por m<sup>2</sup>.


#### Prezo medio do m<sup>2</sup> da vivenda nas capitais de provincia e concellos con máis de 100.000 habitantes

	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña	907,36	1.013,70	1.075,51	1.143,53	1.351,03
Lugo	564,72	607,34	661,39	673,90	704,12
Ourense	802,04	846,19	893,88	992,85	1.013,84
Pontevedra	627,52	649,66	737,03	888,70	896,63
Santiago de Compostela	1.019,15	984,81	1.055,36	1.142,95	1.208,31
Vigo	754,94	845,25	924,59	1.115,29	1.245,69
<b>Galicia</b>	<b>613,69</b>	<b>661,38</b>	<b>717,92</b>	<b>800,08</b>	<b>864,11</b>

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico 2003. Extraído de: <http://www.mfom.es>

O gasto medio mensual do fogar en alugueiro en Galicia no ano 2003 é de 179,55 €, superior ao do ano anterior que era de 171,12 €.


Por provincias o gasto medio varía desde os 207,01 € de Pontevedra, o máis elevado de Galicia, ata os 144,73 € de Lugo.



Fonte: IGE. Consumo das familias

No ano 2003 un 3,32% dos fogares galegos gastan en alugueiro máis do 20% dos seus ingresos, porcentaxe algo inferior á do ano 2002.


Por provincias destaca o caso de Lugo, no que a dita porcentaxe é do 1,78%.



Fonte: IGE. Consumo das familias


Con respecto aos fogares con gasto en hipoteca, o gasto medio mensual no ano 2003 ascende a 342,56 €, o que supón unha subida con respecto ao ano 2002 no que o gasto medio era de 318,43 €.

O gasto medio máis elevado correspóndelle á provincia da Coruña seguida de Pontevedra con 373,89 € e 331,47 €, respectivamente, no ano 2003.



Fonte: IGE. Consumo das familias

No ano 2003 un 40,97% dos fogares galegos con hipoteca gastan nela máis do 20% dos seus ingresos, mentres que esta porcentaxe era do 39,55% no ano 2002.



Fonte: IGE. Consumo das familias

## 8.6. Réxime de tenza da vivenda

A porcentaxe de vivendas en propiedade en Galicia no ano 1999 é do 78,82%, sendo Ourense a provincia cunha maior porcentaxe de vivendas en réxime de propiedade cun 84,00%.


PORCENTAXE DE VIVENDAS EN PROPIEDAD	
	1999
A Coruña	75,11
Lugo	82,67
Ourense	84,00
Pontevedra	79,58
<b>Galicia</b>	<b>78,82</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999

No ano 2003 en Galicia a porcentaxe de vivendas en alugueiro é do 9,60%, o que supón unha diminución con respecto aos anos anteriores.

A Coruña é a única provincia galega na que aumenta a porcentaxe de vivendas en

alugueiro no ano 2003, é tamén a provincia na que esta porcentaxe é máis elevada cun 11,69%.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999  
IGE. Consumo das familias

## 8.7. Construción de vivenda

A “Estatística de edificación e vivenda” elaborada polo IGE en colaboración co Ministerio de Fomento, recolle no ano 2003 en Galicia un total de 25.550 vivendas de nova planta a construír, das que corresponden 10.233 vivendas á provincia da Coruña.

VIVENDAS DE NOVA PLANTA A CONSTRUIR				
	2000	2001	2002	2003
A Coruña	15.730	9.964	11.172	10.233
Lugo	3.588	2.674	3.092	3.366
Ourense	2.887	2.419	2.277	2.381
Pontevedra	7.731	7.442	8.247	9.570
<b>Galicia</b>	<b>29.936</b>	<b>22.499</b>	<b>24.788</b>	<b>25.550</b>

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estatística de edificación e vivenda

O número de licenzas de obra de nova planta concedidas no conxunto de Galicia ascende a 4.318 no ano 2003.

NUMERO DE LICENZAS DE OBRA DE NOVA PLANTA				
	2000	2001	2002	2003
A Coruña	3.094	2.436	3.062	1.729
Lugo	748	670	860	398
Ourense	544	472	601	361
Pontevedra	2.199	2.056	2.158	1.830
<b>Galicia</b>	<b>6.585</b>	<b>5.634</b>	<b>6.681</b>	<b>4.318</b>

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estatística de edificación e vivenda

## 9. Cultura e ocio

### 9.1. Introducción

Esta área divídese en tres subáreas: uso do tempo libre, medios de comunicación social e gastos en cultura e ocio.

### 9.2. Uso do tempo libre

#### 9.2.1. Actividades de ocio


O número de títulos editados en Galicia no ano 2003 é de 2.373, o que supón un incremento con respecto ao ano anterior que era de 1.829, mantense a tendencia alcista dos últimos anos.

A Coruña é a provincia que ten a maior produción editorial con 1.440 títulos editados.

NÚMERO DE TÍTULOS EDITADOS				
	2000	2001	2002	2003
A Coruña	1.057	1.003	1.134	1.440
Lugo	84	95	71	149
Ourense	62	82	89	113
Pontevedra	609	558	535	671
<b>Galicia</b>	<b>1.812</b>	<b>1.738</b>	<b>1.829</b>	<b>2.373</b>


Fonte: INE. Estadística de la producción editorial de libros

O número de bibliotecas existentes en Galicia no ano 2000 ascende a 655, das cales 269 se sitúan na provincia da Coruña, 96 en Lugo, 98 en Ourense e 192 en Pontevedra.



Fonte: INE. Estadística de bibliotecas

Con referencia ao 31 de decembro do ano 2000 os fondos existentes nas bibliotecas galegas ascenden a 6.964.234 libros, máis da metade corresponden á provincia da Coruña.



Fonte: INE. Estadística de bibliotecas

O total de salas de cine galegas no ano 2002 é de 193, é Ourense con 22 a provincia con menor número de salas.

SALAS DE CINE QUE PROXECTARON				
	1999	2000	2001	2002
A Coruña	73	70	69	84
Lugo	22	24	24	26
Ourense	16	16	22	22
Pontevedra	43	51	65	61
<b>Galicia</b>	<b>154</b>	<b>161</b>	<b>180</b>	<b>193</b>

Fonte: INE. Anuario estadístico de España

Se analizamos o número de salas de cine que proxectaron por cada 100.000 habitantes, no ano 2002 Galicia dispón de 7,06 salas, o que supón un aumento con respecto ao ano anterior que era de 6,60 salas.

SALAS DE CINE QUE PROXECTARON POR 100.000 HABITANTES				
	1999	2000	2001	2002
A Coruña	6,65	6,35	6,23	7,56
Lugo	6,05	6,63	6,64	7,23
Ourense	4,68	4,68	6,42	6,41
Pontevedra	4,76	5,62	7,11	6,64
<b>Galicia</b>	<b>5,69</b>	<b>5,93</b>	<b>6,60</b>	<b>7,06</b>


Fonte: INE. Anuario estadístico de España

INE. Proyecciones de población calculadas a partir del censo de 1991.

Extraído de: <http://www.ine.es>

Do total de espectadores de cine na comunidade autónoma galega no ano 2002 un 12,32% son espectadores de películas españolas, porcentaxe inferior á do ano 2001 que era do 16,35%.

A porcentaxe máis elevada de espectadores de películas españolas corresponde á provincia da Coruña cun 12,85%.



Fonte: INE. Anuario estadístico de España

O número de licenzas de caza vén diminuíndo en Galicia nos últimos anos, no ano 2004 a cifra é de 59.271 fronte ás 61.149 licenzas do ano 2003.

Se temos en conta a situación por provincias, a diminución obsérvase en todas elas.

Ourense ten o menor número de licenzas de caza das catro provincias galegas cun total de 12.444. A Coruña sitúase no outro extremo con 18.825 licenzas de caza.

#### Licenzas de caza

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	24.070	24.104	23.956	22.474	21.596	20.337	19.404	18.825
Lugo	17.865	16.653	16.282	15.554	14.542	13.630	12.799	12.511
Ourense	16.503	15.471	14.955	14.977	14.373	13.197	12.826	12.444
Pontevedra	22.016	20.684	19.028	18.456	18.102	16.641	16.120	15.491
<b>Galicia</b>	<b>80.454</b>	<b>76.912</b>	<b>74.221</b>	<b>71.461</b>	<b>68.613</b>	<b>63.805</b>	<b>61.149</b>	<b>59.271</b>

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Medio Ambiente

En canto ás licenzas de pesca o seu número no ano 2004 en Galicia é de 98.915.

A Coruña ten 38.477 licenzas de pesca, Lugo 20.241, Ourense 23.440 e en Pontevedra o número é de 16.757.

## Licenzas de pesca fluvial

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	28.499	36.353	32.015	36.904	33.689	40.505	41.114	38.477
Lugo	22.863	22.594	20.513	19.036	21.133	22.114	21.888	20.241
Ourense	24.545	23.465	22.623	24.044	24.139	24.143	24.583	23.440
Pontevedra	18.127	16.127	14.549	16.915	14.559	18.221	18.369	16.757
<b>Galicia</b>	<b>94.034</b>	<b>98.539</b>	<b>89.700</b>	<b>96.899</b>	<b>93.520</b>	<b>104.983</b>	<b>105.954</b>	<b>98.915</b>

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Medio Ambiente

### 9.2.2. Turismo

O número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros en Galicia no ano 2003 é de 3.501.446, enténdese por viaxeiro aloxado toda persoa que realice unha ou máis pernoitas seguidas nun mesmo establecemento no mes de referencia dos datos. Esta cifra é lixeiramente inferior á do ano 2002.

A Coruña e Pontevedra son as provincias que teñen o maior número de viaxeiros aloxados.

	VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS		
	2001	2002	2003
A Coruña	1.494.514	1.450.530	1.554.249
Lugo	378.682	403.191	368.471
Ourense	296.660	319.346	311.104
Pontevedra	1.328.680	1.352.489	1.267.622
<b>Galicia</b>	<b>3.498.536</b>	<b>3.525.555</b>	<b>3.501.446</b>

Fonte: IGE. Enquisa continua de ocupación hoteleira

As pernoitas, ocupación por unha persoa dunha ou máis prazas ou dunha cama supletoria dentro dunha xornada hoteleira nun mesmo establecemento, alcanzan a cifra de 5.928.695 no ano 2003, o que supón unha redución con respecto ao ano anterior no que o total de pernoitas era de 6.146.841.

A Coruña é a única provincia galega na que aumentan as pernoitas con relación ao ano 2002.

	PERNOCTACIÓNS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS		
	2001	2002	2003
A Coruña	2.265.808	2.274.156	2.350.483
Lugo	552.353	540.059	479.440
Ourense	426.732	454.181	453.073
Pontevedra	2.661.103	2.878.444	2.645.698
<b>Galicia</b>	<b>5.905.997</b>	<b>6.146.841</b>	<b>5.928.695</b>

Fonte: IGE. Enquisa continua de ocupación hoteleira


### 9.3. Medios de comunicación social

A porcentaxe de poboación maior de 14 anos lectora de prensa diaria aumenta en Galicia nos últimos anos, sitúase no 47,4% no ano 2003.



Fonte: INE. Anuario estadístico de España

A audiencia de radio no ano 2003 varía entre o 59,8% da poboación maior de 14 anos na provincia de Ourense ata o 49,3% en Lugo, é esta provincia a única na que diminúe a porcentaxe de oíntes con respecto ao ano 2002.



Fonte: INE. Anuario estadístico de España

### 9.4. Gastos en cultura e ocio

O gasto medio por espectador de cine no ano 2002 en Galicia é de 4,16 €, superior ao dos anos anteriores. A Coruña é a provincia co gasto medio máis elevado con 4,25 € por espectador.

GASTO MEDIO POR ESPECTADOR DE CINE				
	1999	2000	2001	2002
A Coruña	3,55	3,69	4,03	4,25
Lugo	3,24	3,35	3,65	3,94
Ourense	3,19	3,22	3,50	3,91
Pontevedra	3,40	3,74	3,99	4,19
<b>Galicia</b>	<b>3,45</b>	<b>3,63</b>	<b>3,79</b>	<b>4,16</b>

Fonte: INE. Anuario estadístico de España

O gasto diario medio efectuado por un viaxeiro aloxado en establecementos hoteleiros de 3 ou máis estrelas en Galicia no ano 2003 é de 136,93 €, o que supón un incremento con respecto aos anos anteriores. Neste gasto medio inclúense, entre outros, o gasto en aloxamento, comida en restaurantes, bares e cafeterías, compras, ocio, desprazamentos...

A Coruña é a provincia na que o gasto realizado por viaxeiro é máis elevado, 147,79 € por día. No extremo oposto está Lugo onde o gasto medio é de 121,61 € diarios.

GASTO DIARIO MEDIO EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS DE 3 OU MÁIS ESTRELAS				
	2000	2001	2002	2003
A Coruña	139,27	139,32	147,02	147,79
Lugo	140,24	94,21	104,54	121,61
Ourense	113,66	126,55	129,40	130,68
Pontevedra	128,62	125,41	130,63	130,28
<b>Galicia</b>	<b>133,06</b>	<b>129,15</b>	<b>134,93</b>	<b>136,93</b>

Fonte: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



# 10. Ciencia e tecnoloxía

## 10.1. Introducción

Esta área divídese en dúas subáreas. A primeira subárea recolle información sobre I+D, procedente da “Estadística sobre actividades de I+D” do INE.

A segunda subárea está dedicada ás novas tecnoloxías con datos de fogares procedentes da “Enquisa de condicións de vida das familias” do IGE e datos de empresas obtidos da “Encuesta sobre innovación tecnolóxica en las empresas” e da “Encuesta sobre el uso de TIC y comercio electrónico en las empresas”, as dúas do INE.

## 10.2. I+D

En Galicia, no ano 2003, o persoal empregado en I+D en equivalencia a xornada completa (investigador, técnicos e persoal auxiliar) é de 7.412 persoas, o que representa unha porcentaxe do 4,89% sobre o total de España. A porcentaxe sobre a poboación activa é do 5,86%.

PERSONAL EN I+D CON DEDICACIÓN PLENA GALICIA			
	2001	2002	2003
Persoal total	5.937	6.225	7.412
Porcentaxe Galicia/España	4,72	4,64	4,89
Persoal por 1.000 activos	4,97	5,10	5,86

Fonte: INE. Estadística sobre actividades de I+D. Extraído de: <http://www.ine.es>  
INE. Encuesta de población activa

O persoal investigador en I+D aumenta ata os 4.836 no ano 2003, o que representa o 5,23% sobre o total de España. A porcentaxe de investigadores sobre a poboación activa é do 3,82%.

INVESTIGADORES EN I+D CON DEDICACIÓN PLENA. GALICIA		
	2001	2003
Investigadores totais	4.254	4.836
Porcentaxe Galicia/España	5,31	5,23
Investigadores por 1.000 activos	3,56	3,82

Fonte: INE. Estadística sobre actividades de I+D. Extraído de: <http://www.ine.es>  
INE. Encuesta de población activa

O gasto interno en I+D ascende en Galicia a 338,45 millóns de euros no ano 2003, o que supón un 4,1% con respecto ao total de España.

GASTOS INTERNOS TOTAIS EN I+D			
	2001	2002	2003
Galicia	240,27	293,20	338,45
Porcentaxe Galicia/España	3,9	4,1	4,1

Fonte: INE. Estadística sobre actividades de I+D. Extraído de: <http://www.ine.es>

## 10.3. Novas tecnoloxías

### 10.3.1. Fogares

No ano 2003 aumenta a porcentaxe de fogares galegos nos que algún dos seus membros utiliza o ordenador no fogar, pásase do 26,87% no ano 2002 ao 30,72%.

Se analizamos a situación por provincias, Pontevedra ten a maior porcentaxe cun 33,06% e Lugo a menor cun 24,44%.

PORCENTAXE DE FOGARES NOS QUE SE USOU O ORDENADOR		
	2002	2003
A Coruña	27,77	32,49
Lugo	20,13	24,44
Ourense	20,63	25,80
Pontevedra	31,12	33,06
<b>Galicia</b>	<b>26,87</b>	<b>30,72</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 52,56% da poboación galega de 14 ou máis anos utiliza o teléfono móbil no ano 2003, o que supón un incremento con

respecto ao ano anterior que era do 45,51%.

A Coruña é a provincia galega que presenta a maior porcentaxe cun 55,04% e na que máis aumenta o uso en relación co ano anterior.

PORCENTAXE DE PERSOAS DE 14 OU MÁIS ANOS QUE USAN TELÉFONO MÓBIL		
	2002	2003
A Coruña	46,92	55,04
Lugo	41,20	46,83
Ourense	38,55	46,65
Pontevedra	48,12	54,00
<b>Galicia</b>	<b>45,51</b>	<b>52,56</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En canto ao uso de internet, o 23,18% das persoas de 14 ou máis anos conéctanse a internet en 2003.

A Coruña é novamente a provincia coa maior porcentaxe de conexión a internet cun 25,23%.

PORCENTAXE DE PERSOAS DE 14 OU MÁIS ANOS QUE SE CONECTARON A INTERNET		
	2002	2003
A Coruña	19,03	25,23
Lugo	12,55	19,87
Ourense	18,26	17,70
Pontevedra	21,36	24,02
<b>Galicia</b>	<b>18,85</b>	<b>23,18</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 10.3.2. Empresas

No ano 1998 o gasto total en innovación tecnolóxica da industria en Galicia ascende a 305,64 millóns de euros.

GASTOS TOTAIS DA INDUSTRIA EN INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	
	1998
Galicia	305,64
España	6.074,26

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación tecnolóxica en las empresas. Año 1998.  
Extraído de: <http://www.ine.es>

No ano 2002 un 90,12% das empresas con sede social en Galicia dispón de ordenadores, o 72,65% de conexión a internet, un 66,68% ten correo electrónico e o 34,31% das empresas con conexión a internet dispón de páxina web.

PORCENTAXE DE USO DE DIVERSAS TICs NAS EMPRESAS CON SEDE SOCIAL EN GALICIA	
	2002
Empresas con ordenadores	90,12
Empresas con rede de área local LAN	50,88
Empresas con rede de área local "sen fíos"	3,43
Empresas con intranet	26,52
Empresas con conexión a internet	72,65
Empresas con extranet	11,01
Empresas con correo electrónico (e-mail)	66,68
Empresas con conexión a internet e páxina web	34,31

Fonte: INE. Encuesta sobre el uso de TIC y comercio electrónico en las empresas. Extraído de: <http://www.ine.es>

# 11. Renda

## 11.1. Introducción

Esta área recolle na primeira subárea as principais magnitudes macroeconómicas con datos do IGE e EUROSTAT e na segunda subárea recolle os ingresos e gastos dos fogares a partir dos datos da “Enquisa de condicións de vida das familias” do IGE.

## 11.2. Magnitudes macroeconómicas de referencia

O Produto interior bruto a prezos de mercado en Galicia no ano 2001 ascende, en miles de euros, a 36.098.964, o que supón un crecemento con respecto ao ano anterior do 7,2%.

PIB A PREZOS DE MERCADO. GALICIA		
	2000	2001
Ramas agraria e pesqueira	1.743.414	1.966.880
Ramas enerxéticas	1.505.462	1.434.609
Ramas industriais	5.050.944	5.498.603
Construción	3.496.792	3.906.381
Ramas dos servizos	19.601.940	21.130.296
- Servizos de mercado	14.773.502	16.395.645
- Servizos de non mercado	4.828.438	4.734.651
SIFMI	-1.185.773	-1.475.307
Impostos netos sobre produtos	3.452.616	3.637.502
<b>PIB a prezos de mercado</b>	<b>33.665.395</b>	<b>36.098.964</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002

## 11.3. Ingresos e gastos dos fogares

No ano 2003 os ingresos medios mensuais do fogar en Galicia son de 1.554 €, o que significa unha subida de 117 € con respecto ao ano 2002. Pontevedra é a provincia que presenta a media máis alta con 1.650 €, mentres que Ourense é a que presenta a media máis baixa con 1.264 €, é esta a única provincia na que os ingresos medios son inferiores aos do ano 2002.

INGRESOS MEDIOS MENSUAIS DO FOGAR		
	2002	2003
A Coruña	1.437	1.585
Lugo	1.387	1.513
Ourense	1.291	1.264
Pontevedra	1.517	1.650
<b>Galicia</b>	<b>1.437</b>	<b>1.554</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Os ingresos medios por persoa en Galicia son de 541 € ao mes no ano 2003, superiores aos do ano 2002 que eran de 494 €.

A Coruña é a provincia que presenta o maior ingreso medio mensual por persoa con 558 € mensuais no ano 2003, mentres que Ourense ten o menor con 482 € mensuais no ano 2003.

INGRESOS MEDIOS MENSUAIS POR PERSOA		
	2002	2003
A Coruña	498	558
Lugo	483	535
Ourense	490	482
Pontevedra	495	544
<b>Galicia</b>	<b>494</b>	<b>541</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O gasto medio mensual do fogar en telefonía móbil é de 33,28 € mensuais en Galicia no ano 2003, superior ao do ano 2002 que era de 31,41 €. Tamén aumenta o gasto medio en telefonía fixa pasando de 28,30 € en 2002 a 29,30 € en 2003.

GASTO MEDIO DO FOGAR EN DETERMINADOS GASTOS. GALICIA		
	2002	2003
Coidado persoas dependentes	179,91	265,28
Servizo doméstico	174,03	201,41
Telefonía fixa	28,30	29,30
Telefonía móbil	31,41	33,28

Fonte: IGE. Consumo das familias

Os fogares galegos con gasto en persoal de servizo doméstico e gasto en persoal para o coidado de persoas dependentes destinan unha media de 201,41 e 265,28 euros mensuais, respectivamente, aos ditos gastos no ano 2003.


# 12. Saúde

## 12.1. Introducción

Nesta área analízase o estado de saúde da poboación, os recursos empregados, os estilos de vida que afectan a saúde e a promoción da saúde e planificación familiar.

## 12.2. Estado de saúde da poboación

A esperanza de vida en Galicia segue aumentando, sitúase no ano 2001 en 76,40 anos para os homes e en 83,52 anos no caso das mulleres.



Fonte: Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública. Mortalidade

A taxa bruta de mortalidade diminúe en Galicia, é de 10,3 defuncións por cada 1.000 habitantes en 2002. Lugo é a provincia coa maior taxa bruta de mortalidade con 13,6 defuncións por 1.000 habitantes.

TAXA BRUTA DE MORTALIDADE			
	1999/2000	2000/2001	2001/2002
A Coruña	10,1	9,9	9,8
Lugo	13,9	13,6	13,6
Ourense	13,3	13,0	12,9
Pontevedra	9,0	8,8	8,8
<b>Galicia</b>	<b>10,6</b>	<b>10,4</b>	<b>10,3</b>

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

O número de casos de SIDA diagnosticados en Galicia presenta en xeral unha tendencia decrecente nos últimos anos aínda que aumenta algo no


ano 2004. As provincias cun maior número de casos son A Coruña e Pontevedra.

CASOS DE SIDA POR PROVINCIA DE RESIDENCIA E ANO DE DIAGNÓSTICO				
	2001	2002	2003	2004
A Coruña	61	43	41	43
Lugo	14	6	7	6
Ourense	10	13	10	14
Pontevedra	45	50	40	40
<b>Galicia</b>	<b>130</b>	<b>112</b>	<b>98</b>	<b>103</b>

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Sanidade


## 12.3. Recursos para a saúde e utilización

Galicia dispón de 3,9 médicos colexiados por cada 1.000 habitantes segundo os datos calculados con referencia ao 31 de decembro do ano 2000. Lugo é a provincia galega con menor número de médicos colexiados con 3,6 por cada mil habitantes.



Fonte: INE. Anuario estadístico de España  
INE. Proyecciones de población calculadas a partir del censo de 1991.  
Extraído de: <http://www.ine.es>

O gasto sanitario en Galicia no ano 2003 alcanza os 886,44 euros por habitante, o que supón unha subida con respecto ao ano anterior que era de 806,66 €. Mantense así a tendencia crecente dos últimos anos.



Fonte: Consellería de Sanidade. SERGAS. Memorias

## 12.4. Estilos de vida que afectan a saúde


O “Informe xeral 2002” elaborado polo Observatorio de Galicia sobre drogas, da Consellería de Sanidade, revela que no ano 2000 un 32,0% da poboación galega maior de 12 anos fuma a diario, porcentaxe lixeiramente inferior á do ano 1998 que era dun 32,2%.

Por outra banda, aumenta a porcentaxe de poboación maior de 12 anos que deixa de fumar, o 14,0% en 2000 fronte ao 10,0% de 1998.

EVOLUCIÓN DO CONSUMO DE TABACO GALICIA				
	1994	1996	1998	2000
Nunca fumaron	61,9	56,2	51,6	50,1
Fumaban, pero xa non	4,6	7,7	10,0	14,0
Fuman en ocasións	4,5	7,2	6,1	3,9
Fuman a diario	28,6	28,9	32,2	32,0


Fonte: Consellería de Sanidade. Observatorio de Galicia sobre drogas. Informe xeral 2002

Reflicítese tamén un aumento do consumo de cannabis, o 5,3% da poboación galega de 12 ou máis anos consumírono no mes anterior á entrevista no ano 2000.




Fonte: Consellería de Sanidade. Observatorio de Galicia sobre drogas. Informe Xeral 2002

O número de ingresos nos hospitais do SERGAS con motivo de anorexia e bulimia aumenta nos últimos anos, agás no ano 2003 no que ten lugar unha redución, hai 13 ingresos por bulimia e 59 por anorexia nerviosa.



Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Sanidade

O número de transplantes de órganos en Galicia no ano 2003 é de 281, inferior ao ano anterior, aínda que a tendencia xeral nos últimos anos é crecente.



Fonte: Consellería de Sanidade. SERGAS. Memorias

Se atendemos ao tipo de órgano transplantado, os transplantes máis realizados son os de ril, 129 en 2003, seguidos dos de figado con 86 nese mesmo ano.

TRANSPLANTES DE ÓRGANOS POR TIPO GALICIA				
	2000	2001	2002	2003
Ril	134	104	121	129
Figado	121	107	109	86
Corazón	46	39	32	27
Pulmón	17	24	22	30
Páncreas	6	9	10	9
<b>Total</b>	<b>324</b>	<b>283</b>	<b>294</b>	<b>281</b>

Fonte: Consellería de Sanidade. SERGAS. Memorias

# 13. Protección social

## 13.1. Introducción

A área de protección social consta de tres subáreas, a primeira delas é 'Cobertura do sistema', na que se recollen datos de afiliados e pensións, a segunda 'Recursos' e a terceira 'Marxinación social'.

Os datos proceden do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, INSS, Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e IGE.

## 13.2. Cobertura do sistema

### 13.2.1. Afiliados á Seguridade social

O total de afiliados á Seguridade social en Galicia aumenta no ano 2003 alcanzando os 947.124 traballadores. O sector servizos concentra a maior parte dos afiliados cunha cifra de 564.193 traballadores.

TRABALLADORES AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL POR SECTOR DE ACTIVIDADE. GALICIA				
	2000	2001	2002	2003
Agricultura	109.516	105.251	101.636	99.743
Industria	158.655	163.518	164.920	164.647
Construción	103.462	108.809	113.760	118.111
Servizos	506.695	525.549	543.085	564.193
Non clasificados	1.769	1.217	456	432
<b>Total</b>	<b>880.096</b>	<b>904.344</b>	<b>923.857</b>	<b>947.124</b>

Fonte: Información subministrada directamente polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

### 13.2.2. Pensións

En Galicia o número de pensións contributivas do sistema da Seguridade social é no ano 2002 de 682.668, o que supón un aumento con respecto ao ano 2001, que era de 676.877.

Atendendo á clase de pensión, son as de xubilación e viuvez as de maior número con 430.876 e 166.781, respectivamente.

PENSIONES CONTRIBUTIVAS POR CLASES GALICIA			
	2000	2001	2002
Incapacidade permanente	57.951	57.574	58.661
Xubilación	426.898	430.370	430.876
Viuvez	161.702	164.005	166.781
Orfandade	20.426	19.983	21.280
Favor de familiares	4.948	4.945	5.070
<b>Total</b>	<b>671.925</b>	<b>676.877</b>	<b>682.668</b>

Fonte: INSS. Informes estadísticos

Polo que respecta ás pensións non contributivas, os datos reflicten un incremento no número destas pensións que pasan de 53.725 no ano 2001 a 54.281 en 2002, das que 21.603 son de invalidez e 32.608 de xubilación.

PENSIONES NON CONTRIBUTIVAS POR CLASES. GALICIA			
	2000	2001	2002
Invalidez	27.038	27.237	21.603
Xubilación	26.039	26.488	32.608
<b>Total</b>	<b>53.077</b>	<b>53.725</b>	<b>54.281</b>

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

## 13.3. Recursos

O número de centros censados na Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado destinados a atención á infancia pasa de 302 no ano 2003 a 306 centros no primeiro semestre do ano 2004.

O número de centros destinados a xuventude de titularidade propia da Consellería de Familia en 2004 é de 36 e os centros de atención de mulleres 79.

CENTROS DE FAMILIA, FORMACIÓN EMPREGO, XUVENTUDE E MULLER. GALICIA			
	2002	2003	2004
Atención á infancia	290	302	306
Menores	96	98	95
Minorías étnicas	4	3	3
Residencias de tempo libre	2	2	2
Xuventude	37	36	36
Atención de mulleres	78	74	79

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.  
Directorio de centros

## 13.4. Marxinación social

### 13.4.1. Grupos de risco de illamento social

No ano 2002 o 0,61% da poboación galega de 14 ou máis anos non falou con ninguén non membro do seu fogar na semana anterior á da entrevista.

Lugo cun 0,95% ten a maior porcentaxe de persoas que non falaron con persoas non membros do seu fogar.


PERSOAS QUE NON FALARON CON NINGUEN NON MEMBRO DO FOGAR	
	2002
A Coruña	0,53
Lugo	0,95
Ourense	0,45
Pontevedra	0,64
<b>Galicia</b>	<b>0,61</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

A porcentaxe de parados galegos de longa duración, é dicir, con busca de emprego igual ou superior a dous anos, sobre a poboación activa redúcese no ano 2003 con respecto aos anos anteriores, sitúase no 2,60%.


Por provincias, as porcentaxes varían entre o 1,80% de Lugo e o 3,04% de Pontevedra.

A partir do ano 2002 os datos reflicten a nova definición de parado.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En Galicia no ano 2003 un 22,94% da poboación de 65 ou máis anos vive soa, porcentaxe lixeiramente inferior á do ano 2002 que era do 23,01%. A Coruña é a poboación con maior porcentaxe de persoas de 65 ou máis anos vivindo soas, concretamente o 24,35% en 2003.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias



# 14. Transporte

## 14.1. Introducción


A área de transporte divídese en dúas subáreas, 'Capacidade do sistema de transporte' e 'Seguridade do sistema de transporte'.

## 14.2. Capacidade do sistema de transporte

### 14.2.1. Volume de transporte


O parque automobilístico galego vén experimentando incrementos nos últimos anos. Con referencia ao 31 de decembro de 2002 o número de automóviles alcanza a cifra de 1.534.730.

Por provincias A Coruña ten o maior parque de automóviles con 576.128 e Lugo o menor con 204.051.



Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico. Extraído de: <http://www.dgt.es>

As matriculacións de vehículos no ano 2002 descenden con respecto ao ano anterior sendo de 83.418, este descenso pódese observar nas catro provincias galegas.



Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico. Extraído de: <http://www.dgt.es>

En canto ás autorizacións para conducir, expídense en Galicia no ano 2002 un total de 55.374, cifra na que non se inclúen as licenzas para conducir ciclomotores, vehículos para persoas con mobilidade reducida, vehículos agrícolas autopropulsados e conxuntos dos mesmos cuxa masa e dimensións non excedan dos límites establecidos para os vehículos ordinarios.

AUTORIZACIONES PARA CONDUCIR EXPEDIDAS				
	1999	2000	2001	2002
A Coruña	19.870	22.378	20.103	21.797
Lugo	6.277	6.763	5.861	6.744
Ourense	5.880	6.046	5.681	6.215
Pontevedra	17.231	18.362	17.345	20.618
<b>Galicia</b>	<b>51.257</b>	<b>53.549</b>	<b>48.990</b>	<b>55.374</b>

Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico. Extraído de: <http://www.dgt.es>

### 14.2.2. Transporte ao lugar de traballo


Un 60,05% dos ocupados galegos manifesta utilizar o coche como medio de transporte ao lugar de traballo e un 6,90% o bus.

OCUPADOS SEGUNDO O MEDIO DE TRANSPORTE AO LUGAR DE TRABAJO GALICIA	
	2001
Andando	32,52
Coche	60,05
Bus	6,90
Tren, barco ou avión	0,54
Bicicleta ou motocicleta	2,69

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2001

### 14.3. Seguridade do sistema de transporte

Os accidentes de tráfico con vítimas, é dicir, aqueles nos que unha ou varias persoas resultan mortas ou feridas, diminúen en Galicia no ano 2002 con respecto aos anos anteriores. O número de accidentes é de 5.498, sendo A Coruña e Pontevedra as provincias galegas con maior número de vítimas.



Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico. Anuario de accidentes

En 2002 son 456 os mortos por accidentes de tráfico en Galicia, cifra inferior á do ano 2001 que foron 473. Aínda que no conxunto de Galicia descende o número de mortos en accidentes, por provincias esta cifra incrementase en Lugo e Ourense.

MORTOS POR ACCIDENTES DE TRÁFICO				
	1999	2000	2001	2002
A Coruña	205	195	171	163
Lugo	120	94	96	104
Ourense	55	62	54	68
Pontevedra	178	151	152	121
<b>Galicia</b>	<b>558</b>	<b>502</b>	<b>473</b>	<b>456</b>

Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico.  
Extraído de: <http://www.dgt.es>

# 15. Consumo

## 15.1. Introducción


Nesta área analízase o nivel de consumo dos fogares galegos e a súa capacidade de aforro, a partir das operacións “Consumo das familias” e “Índice de confianza do consumidor” elaboradas polo IGE.

Os datos de gastos medios dos fogares fan referencia á vivenda principal do fogar.

## 15.2. Nivel de consumo

### 15.2.1. Consumo de bens e servizos


O gasto medio mensual do fogar en electricidade no ano 2003 en Galicia é de 29,91 €, superior ao do ano 2002 que era de 29,33 €. A subida do gasto medio prodúcese en todas as provincias, agás na Coruña onde é lixeiramente inferior. Pontevedra é a provincia que ten o gasto medio maior con 30,77 € no ano 2003 e Ourense o menor con 28,17 €.



Fonte: IGE. Consumo das familias

O gasto medio mensual do fogar galego en auga é de 11,09 € no ano 2003, lixeiramente superior ao do ano 2002 que era de 10,59 €.


Por provincias, Ourense é no ano 2003 a que ten o gasto medio menor, 9,07 € mensuais, e Pontevedra o maior, 11,84 € ao mes.



Fonte: IGE. Consumo das familias

O gasto medio do fogar galego en gas/gasóleo é de 25,23 € mensuais no ano 2003, o que supón unha subida con respecto ao ano 2002 que era de 24,40 € mensuais.

No ano 2003, a provincia de Ourense segue a ser a que ten o maior gasto medio con 29,84 €, mentres que a que ten o menor pasa a ser Pontevedra con 22,12 € mensuais, sendo esta a única provincia na que diminúe o gasto medio mensual con respecto ao ano 2002.



Fonte: IGE. Consumo das familias

### 15.2.2. Bens de consumo duradeiro

O número medio de coches por fogar na comunidade autónoma galega no ano 1999 é de 0,95 coches. Ourense é a provincia galega cun menor número medio, 0,85 coches por fogar.

NÚMERO MEDIO DE COCHES POR FOGAR	
	1999
A Coruña	0,95
Lugo	0,98
Ourense	0,85
Pontevedra	0,98
<b>Galicia</b>	<b>0,95</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999

No ano 1999 o 29,96% dos fogares galegos non dispoñen de coche. Ourense é a provincia coa maior porcentaxe de fogares que non dispoñen de coche, o 36,65%, mentres que Pontevedra ten a menor porcentaxe, o 26,71%.

PORCENTAXE DE FOGARES QUE NON DISPOÑEN DE COCHE	
	1999
A Coruña	29,60
Lugo	31,58
Ourense	36,65
Pontevedra	26,71
<b>Galicia</b>	<b>29,96</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999

O número medio de televisores por fogar en Galicia no ano 1999 é de 1,59.

Se analizamos este dato por provincias é A Coruña a que ten un maior número de televisores por fogar con 1,65 seguida de Pontevedra con 1,63 televisores.

Lugo é a provincia galega cun menor número de televisores por fogar con 1,43, mentres que os fogares de Ourense teñen 1,47 televisores por fogar.

NUMERO MEDIO DE TELEVISORES POR FOGAR	
	1999
A Coruña	1,65
Lugo	1,43
Ourense	1,47
Pontevedra	1,63
<b>Galicia</b>	<b>1,59</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999

Un 48,19% dos fogares teñen máis dun televisor, existindo diferenzas entre A Coruña e Pontevedra por un lado cun 51,60% e un 51,95%, respectivamente, e Lugo e Ourense por outro cun 36,41% e cun 41,63%, respectivamente.

PORCENTAXE DE FOGARES CON MAIS DUN TELEVISOR	
	1999
A Coruña	51,60
Lugo	36,41
Ourense	41,63
Pontevedra	51,95
<b>Galicia</b>	<b>48,19</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 1999

### 15.3. Aforro

No segundo semestre do ano 2003 e nos primeiros meses do ano 2004 obsérvase unha redución da porcentaxe de fogares que manifestan ter capacidade actual de aforro. No mes de maio de 2004 aumenta algo a dita porcentaxe pasando do 17,46% en abril ao 18,40%, aínda que segue sendo inferior ás porcentaxes do ano 2003.

Na provincia da Coruña no mes de maio de 2004 un 22,77% dos fogares teñen capacidade actual de aforro.

### Fogares con capacidade actual de aforro

	2003						2004				
	Xuño	Xullo	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Marzo	Abril	Maio
A Coruña	45,70	35,26	37,27	20,00	25,86	18,73	20,58	23,95	17,80	18,11	22,77
Lugo	25,91	33,50	32,16	20,50	23,62	24,50	22,84	26,90	15,58	13,50	15,50
Ourense	43,65	32,49	31,16	27,14	24,49	21,61	20,20	21,61	21,43	21,61	16,50
Pontevedra	33,66	25,48	37,54	24,92	19,81	18,93	22,71	18,41	17,41	16,56	16,14
<b>Galicia</b>	<b>38,30</b>	<b>31,62</b>	<b>35,31</b>	<b>22,81</b>	<b>23,44</b>	<b>20,37</b>	<b>21,54</b>	<b>22,46</b>	<b>17,93</b>	<b>17,46</b>	<b>18,40</b>

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

A porcentaxe de fogares galegos que esperan ter capacidade futura de aforro presenta unha tendencia decrecente aínda que podemos observar un incremento desde marzo de 2004. No mes de maio esta porcentaxe alcanza o 30,17%.

Lugo é a provincia galega na que a porcentaxe de fogares que esperan ter capacidade futura de aforro é máis reducida, o 27,50%.

### Fogares que esperan ter capacidade futura de aforro

	2003						2004				
	Xuño	Xullo	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Marzo	Abril	Maio
A Coruña	42,70	39,84	39,21	25,98	29,44	20,05	26,58	26,33	29,40	29,82	34,12
Lugo	45,83	37,56	38,19	25,50	31,66	29,65	29,15	29,69	26,13	27,50	27,50
Ourense	40,41	34,69	25,25	28,64	28,28	29,00	28,57	26,77	30,46	35,03	28,28
Pontevedra	38,76	30,89	37,78	27,85	22,33	22,86	25,16	17,52	22,54	24,35	28,30
<b>Galicia</b>	<b>41,71</b>	<b>35,91</b>	<b>36,08</b>	<b>26,92</b>	<b>27,56</b>	<b>24,25</b>	<b>26,99</b>	<b>24,44</b>	<b>27,01</b>	<b>28,78</b>	<b>30,17</b>

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

As definicións dos conceptos utilizados pódense ver na metodoloxía incluída na páxina web.

Máis información na nosa páxina web: <http://www.ige.xunta.es>

Teléfono de información: 981.54.15.89

FAX: 981.54.13.23

e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)



**Enderezo postal:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)